TRABALLO DE LECTURA 4º ESO. 1ª Avaliación. Curso 2012/13

1. Deberedes ler o libro: Fran Alonso: *Poetízate*, Xerais.
2. Teredes que facer o traballo que se expón máis abaixo por grupos (máximo de 3 persoas) e entregalo antes do 14 de decembro; aconséllovos que a medida que vaiades avanzando na lectura dos poemas, apuntedes nun caderno a páxina na que se atopan os vosos favoritos (e tamén versos soltos que vos gusten).
3. A ortografía e a presentación son partes fundamentais e a súa corrección verase reflectida na nota. O traballo deberá constar de portada, índice, os enunciados das distintas cuestións e as súas respostas e a relación completa de toda a bibliografía empregada, tanto en papel como electrónica.
4. A comezos de decembro dedicaranse varias clases á elaboración deste traballo na biblioteca do centro.
5. Antes de lanzarvos a desenvolver o traballo, lede todas as cuestións que se vos pide que respondades e collede anotacións no voso caderno antes da redación final pois pode resultar de grande axuda para levar a bo porto este traballo

CUESTIÓNS PARA O TRABALLO

1. Cubride os ocos do seguinte esquema cronolóxico cos autores/as e obras que falten:

1. SÉCULO XIX
_____: *Follas novas*
Eduardo Pondal: _____
_____: *Aires da miña terra*
_____: *A rosa de cen follas*

2. POESÍA DE PREGUERRA
_____: *Sombra do aire na herba*
Manuel Antonio: _____
_____: *Cantiga nova que se chama riveira*
Antón Tovar: _____

3. POESÍA DE POSGUERRA
_____: *Longa noite de pedra*
Novoneyra: _____
_____: *Terra chá*

4. POESÍA DA XERACIÓN DOS 50

_____: *Himno verde*

_____: *Con pólvora e magnolias*

_____*: Ningún cisne*

Xulio Valcárcel: _____

Claudio Rodríguez Fer: _____

5. POETAS DOS 80

_____: *Capitán inverno*

Rompente: _____

_____: *Sétima soidade*

Lois Pereiro: _____

Miro Villar: _____

_____: *Choiva, vapor e velocidade*

Kiko Neves: _____

6. POETAS DOS 90

_____: *Pornografía*

Olga Novo: _____

_____: *Elevar as pálpebras*

Daniel Salgado: _____

2. Localizade poemas que sirvan para exemplificar os seguintes bloques temáticos (indica o título e o autor/a, se non leva título ningún, escribe o primeiro verso completo).) :

a) A LINGUA:

1.

2.

3.

4.

b) A POESÍA E OS POETAS:

1.

2.

3.

4.

5.

c) VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES:

1.

2.

d) EROTISMO:

1.

2.

e) AMOR:

1.

2.

3.

4.

5.

f) DESAMOR:

1.

2.

3.

4.

g) ABURRIDO

1.

H) HUMOR

1.

2.

I) ININTELIXIBLE

1.

K) FERMOSO

1.

2.

3.

3. Escolle dous poemas do libro e responde as seguintes cuestións sobre cada un deles:

a) Datos básicos do autor/a do poema.

b) Explicade o contido do poema e logo indicade o seu tema.

c) Explicade por que seleccionastes este poema.

4. Hai poemas que empregan técnicas formais especiais como son os caligramas , os palíndromos, o acróstico e as diferentes letras do abecedario. Define cada unha destas técnicas formais Localízádeos no libro indicando a páxina na que aparecen. Escribide vós un poema empregando algún destes procedementos técnicos.

6. No libro figura o poema titulado "Autopoética" do colectivo Ronseltz; se o ledes

con atención observaredes que está "incompleto". Deberedes crear a vosa propia autopoética completando o que falta. Tede en conta o que se di nos dous últimos versos; poderedes cambiar o verso "o pensamento dun famoso xogador do Deportivo" e adaptalo ao que vós queirades.

7. Que poema dos que estades lendo vos gustaría ter escrito ou que alguén escribira pensando en vós?

8. Elixide o mellor verso, (se non coincidides no mesmo, poñede cada un o seu preferido).

9. Ilustrade un dos poemas que máis vos gusten.

10. Escollede un poema e escribide todo aquilo que vos suxire.

11. Ler e escribir son as dúas caras da mesma moeda. Agora tócavos a vós escribir un poema. Pode ser longo ou curto, de amor ou desamor, sobre a música ou sobre a paixase, sobre a vosa cidade ou sobre as vosas preocupacións…

12. Contestade: cal é o poema máis longo?; e o máis curto?; o mais divertido?; o máis triste?; cal é o poema máis reivindicativo?.

13. Buscade poemas urbanos e poemas rurais, poemas que falan de morte e poemas que agradecen a vida. Poemas que conteñan a seguinte temática: soidade, paisaxe, emigración, guerra, mar, Galicia, amizade…

14. No libro *Poetízate* hai dous poemas que fan referencia a Penélope. Buscádeos e repasádeos e localizádeos no libro, indicando a súa páxina. Comentade, a continuación, todo o que saibades deste personaxe mítico e, finalmente, será preciso que escribades a canción de Serrat que leva ese título.

15. Hai algún poema escrito á maneira medieval, como se fose unha cantiga de amor ou de amigo. Localizádea.

16. Elixide os poemas que máis vos gusten do libro e organizade entre todos un «ranking» do un ao dez.

17. Escollede cinco versos que recordas especialmente, polos motivos que sexan: porque soan ben, porque eran diferentes, porque resumían perfectamente algo que vós sentistes algunha vez, porque resultan estraños, porque che fan pensar, porque te fan rir ou chorar, porque expresan algo que sentías, pero que non sabías comunicar...

Lembrade que podedes escoller un verso que vos guste moito, aínda que pertenza a un poema que no seu conxunto non vos interese especialmente.

Decidide eses cinco versos; escríbídeos , indicando o porque de túa elección.

• 1º verso: porque...

• 2º verso: porque...

• 3º verso: porque...

• 4º verso: porque...

• 5º verso: porque...

18. Cal é o voso poema preferido entre todos, aquel que realmente vov chegou ao corazón?; escríbídeo nunha cartolina, e facede un cartel bonito con el, para que poidamos penduralo nas paredes da aula ou do corredor.

19. Facede unha breve reseña sobre a vida e obra do autor.

20. Opinade; dicídeme se vos gustou facer este traballo, se vos levou moito tempo,se gastastes moitas enerxías, se vos pareceu orixinal, se foi tremendamente aburrido, se resultou horrible, se mereceu a pena *obrigarvos* a ler o libro de *Poetízate* e por que.

Grazas, en todo caso, por intentalo.

Sobre este traballo eu opino o seguinte...

Sobre o libro de* Poetízate *eu opino o seguinte...